



## **SENTENZA SOBRE ANTENAS QUE SENTA XURISPRUDENCIA: OBLIGATORIEDADE MUNICIPAL DE TRAMITAR AVALIACIÓN AMBIENTAL POLOS SEUS RISCOS A SAÚDE HUMANA E AFECTACIÓN AMBIENTAL.**

A APDR chama ao Concello de Pontevedra e aos concellos da bisbarra e galegos en xeral a **desmontar aquelas antenas de telefonía móbil implantadas ilegalmente e a aplicar a xurisprudencia que se da a nivel estatal coa recente [sentenza de xuño de 2012 da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Supremo](#) contra o [Plan Xeral do Concello de Valladolid](#) por adoeecer da obrigatoria **avaliación ambiental das infraestruturas de telecomunicacións (antenas)** que deben tramitar os concellos **incumprindo a [normativa estatal](#) e [europea](#)**. Esta sentenza reconece no seus fundamentos de dereito 2º e 5º os **riscos para a saúde humana e os efectos significativos sobre el medio ambiente** que entrañan este tipos de infraestruturas.**

**Esta xurisprudencia avala as numerosas recomendacións feitas polo Valedor do Pobo aos concellos** (Pontevedra -Q/1907/08-, Coles -Q/55/11-, Monforte de Lemos -Q/588/11-, Salceda de Caselas -Q/1431/11-, Santiago -Q/106/01-, [Moraña](#) -Q/920/2008-, Culleredo -Q/576/08-, Monforte -Q/104/10-, Mos -Q/912/10-, Salceda -Q/2007/08-, ...) **de cumprir coa obriga de tramitar a Licenza de Actividade Clasificada neste tipo de instalacións por ser unha actividade PERIGOSA recollida no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e por tanto sometida a Avaliación Ambiental segundo o artigo 2.2 do Decreto autonómico 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.**

En marzo de este ano o propio **Valedor do Pobo** no seu [informe ordinario do 2011](#) entregado no Parlamento galego **recoñece** (na páx.: 127) **que este incumprimento parte da propia Xunta de Galicia** cando a propia Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas non require este control preventivo, control que a citada sentenza do Tribunal Supremo considera obrigatorio.

A APDR chama as distintas administracións a nivel local, autonómico e estatal a asumir **as recomendacións que fai o Consello de Europa ([Resolución 1815 de maio de 2011](#) segundo [proxecto 12608](#)) aos estados membros de aplicar o principio de precaución ante a contaminación electromagnética (reducir os límites de emisión, distancia de seguridade das liñas de alta tensión, advertir e educar sobre o uso precoz e indiscriminado do móbil na infancia e mocidade, primar o cable sobre o Wi-Fi nas aulas, dotar de zonas brancas para as persoas electrosensíbeis, ...)** xa que "Esperar ... poder provocar uns custos sanitarios e económicos moi elevados, como foi o caso no pasado co amianto, a gasolina con chumbo e o tabaco".

Pontevedra, 12 de xullo de 2012